










AGASALLA LECTURA!!!

Non son moi dada a recomendar libros xa que cada neno ou nena ten os seus gustos. Están aqueles aos que lles gustan os misterios, outros que se perden nun álbum ilustrado, algunhas buscan rirse cos libros e outros inspirarse para formar versos.

Vou facer recomendacións, pero se non vos convencen, só tedes que pasar por unha librería e deixarvos engaiolar polos libros que alí hai. Este Nadal, regala un libro dunha librería porque nestes lugares sempre haberá unha persoa que nos aconselle sobre que mercar.

O importante é que os nenos lean, pero as veces témolos que guiar para que descubran verdadeiras obras literarias. Intentemos escapar desas coleccións que eles adoran, pero se é o único que len convén que lles presentemos dunha maneira novidosa o novo libro. Comezaremos léndoo con eles, un pouquiño cada día; podemos repartirnos os personaxes para darlle máis vida; colocáremolo nun lugar especial para que o atopen... Nas lecturas dos nosos nenos sempre ten que haber libros de escritores e escritoras como Leticia Costas, Manuel María, Antonio García Teijeiro... Ou aquelas outras que son xoias literarias como os de Roald Dahl. Non debemos esquecernos do álbum ilustrado e da banda deseñada, cos que podemos desfrutar de maravillosas ilustracións. Cando chegues a unha librería, asegúrate de escoller un libro que teña calidade literaria e que vexas que a temática lle pode gustar. Non está demais que busquemos uns momentos nos que toda a familia poida dedicar á lectura.

Este ano tamén podes aproveitar para agasallar un cubo de rubik ou un tres en raia porque haberá campionatos na nosa biblioteca. Os libros que expoño a continuación van dende os tres anos cara adiante, quedando os de investigación e os dos maiores cara o final. Aínda así, teño que confesar que coa miña idade (non vou dicir cantos anos teño, pero moitos) desfruto lendo libros de educación infantil. O que quero dicir é que non está mal ler libros recomendados para os máis pequenos. Hai nenos que non lle gusta ler tanto como nos gustaría e é necesario buscar eses libriños que os atrapen. Por último, pido outra vez a vosa colaboración para vir os mércores ler un conto á nosa biblioteca (leoteca@ceipcanosarus.net).



OLLA A PÁXINA WEB DA NOSA BIBLIOTECA

[::http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/node/884](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/node/884)